



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

http://www.sghn.org e-mail: sghn@sghn.org CIF: G15037211

1/1

Sra. Directora Xeral de Patrimonio Natural
Consellería de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas
Xunta de Galicia

Serafín J. González Prieto, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural (en adiante SGHN), na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

- Que o "Dictame motivado - Infracción nº 2016/4028" da Comisión Europea do 17-05-2018 considera probado que o Reino de España incumpriu a Directiva 2009/147/CE relativa á conservación das aves silvestres debido aos reximes de excepcións de Galicia e outras 10 comunidades e cidades autónomas "polos que se permite a captura con vida das seguintes especies silvestres de frinxídeos: *Carduelis carduelis*, *Carduelis cannabina*, *Serinus serinus*, *Fringilla coelebs* e *Carduelis chloris*" para a práctica do silvestrismo e os concursos de aves canoras por:
 - Incumprir a obriga de demostrar a inexistencia doutra solución satisfactoria, pois a Comisión Europea considera moi amplamente demostrada a viabilidade da cría en catividade desas especies, das cales xa había dispoñibles moitas parellas de reprodutoras e aves nadas en catividade.
 - Incumprir o requisito de "explotación prudente", pois a información máis actual indica unha forte diminución a longo prazo das poboacións de *Carduelis cannabina* e *Serinus serinus*, e unha lixeira diminución recente a curto prazo das poboacións de *Fringilla coelebs* e *Carduelis carduelis*.
 - Incumprir os criterios de condicións estritamente controladas (as autoridades españolas non informaron sobre a execución e eficacia dos labores de vixilancia que deberan realizar) e modo selectivo de captura (as redes de peche considéranse non selectivas).
 - No caso concreto de Galicia, ademais, por recoñecer expresamente na súa resposta que as excepcións concedidas tiñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento da actividade do silvestrismo en si mesma, para a que non existe encaixe legal na Directiva Aves.
- Que o "Dictame motivado - Infracción nº 2016/4028" da Comisión Europea do 17-05-2018 insta ao Reino de España a que adopte as medidas requeridas para axustarse ao dictame motivado nun prazo de dous meses.

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que informe a SGHN sobre as medidas adoptadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural para que Galicia se adapte ao Dictame motivado da Comisión Europea e deixe de incumprir a Directiva 2009/147/CE relativa á conservación das aves silvestres.

Santiago de Compostela a 19 de xuño de 2018



Serafín González Prieto
Presidente de SGHN

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 20/06/2018 11:47:12

ENTRADA 14779 / RX 1659657

